



**ACTA ÚNICA DA REUNIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE SELECCIÓN PARA A AVALIACIÓN  
DE SOLICITUDES DE AXUDAS A PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERTERRITORIAIS E  
TRANSNACIONAIS DOS GALPs PARA A 2ª CONVOCATORIA DE 2017**

**MEMBROS DO COMITÉ DE SELECCIÓN**

**PRESENTES**

Susana Rodríguez Carballo (Presidenta)	X
Enrique Diego Fernández Pérez (Secretario)	X
Montserrat Castro Vázquez (vocal)	X
Juan Carlos Barreiro González (vocal)	X
Pablo Ramón Fernández Asensio (vocal suplente por ausencia da vocal titular Sonia Lorenzo Santos)	X

Nas dependencias da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, en Santiago de Compostela, sendo o 21 de xullo de 2017 ás 10:30 horas, reúnense en convocatoria única os membros do Comité de selección recollidos como presentes.

Os membros do comité de selección, 4 titulares e 1 suplente, aparecen recollidos na Resolución da Conselleira do Mar 16 de setembro de 2016 pola que se designan os membros do Comité de selección para a avaliación das sotitudes de axudas a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos GALPs.

Existe o quorum necesario para a válida adopción de acordos.

Actúa como presidenta do comité Susana Rodríguez Carballo e como secretario, con voz e voto, Enrique Diego Fernández Pérez.

Conforme o apartado 4 do artigo 12 da Orde de 6 de abril de 2015 o funcionamento deste comité está sometido ás normas dos órganos colexiados recollidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamiento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O motivo deste reunión é o establecido na orde do día:

**ORDE DO DÍA:**

1. Constitución do Comité de Selección.
2. Recordatorio aos membros do Comité da política antifraude que se está a levar a cabo pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro como Organismo Intermedio de Xestión do Femp.
3. Posibilidade de nomear asesores do Comité.
4. Valoración de solicitudes.
5. Emisión de informe co resultado da selección e proposta de concesión.
6. Rogos e preguntas.

Prioridade 4, O.T 8, O.E. 4 a) e b)

Artículo 63 FEMP. Medida 4.1.3. Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%



7. Aprobación da acta.

**DELIBERACIÓN:**

Con carácter previo á constitución do Comité todos os membros do mesmo asinan declaración responsable de non ter conflito de intereres neste asunto.

Dase conta da política antifraude no marco do FEMP que a DX de Desenvolvemento Pesqueiro, como Organismo Intermedio de Xestión, está a levar a cabo. Faise entrega dunha copia da Declaración da Dirección Xeral do Desenvolvemento Pesqueiro do 1 de xaneiro de 2017.

Revísase o informe de instrucción no que se constata a viabilidade técnica e económica da solicitude que pode ser valorada de conformidade co establecido na Orde de axudas.

O proxectos proposto polo órgano instrutor supera a nota mínima fixada pola Orde de axudas para poder ser subvencionado.

Revísanse polo miudo as partidas de cada unha das actividades e por anualidades sen que sexa necesario facer axustes.

Non se precisa fixar lista de reserva por atenderse todas as solicitudes.

Acórdase tamén aprobar a acta ao final da reunión polo que se procede a súa lectura.

**ACORDOS ADOPTADOS:**

Apróbase por unanimidade a constitución do Comité de Selección.

Apróbase por unanimidade non nomear asesores, xa que foi remitida coa debida anticipación por parte do Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca (instrutor do procedemento), toda a documentación relevante para unha axeitda valoración do proxecto.

Apróbase por unanimidade a aprobación dos criterios de selección das candidaturas así como a valoración das solicitudes tal e como figurán no anexo I desta acta.

Apróbase por unanimidade a proposta de selección da solicitude polo importe que se recolle no anexo II.

Apróbase por unanimidade esta acta ao remate da reunión, non tendo máis que tratar se levanta a sesión, ás 11:20 horas do citado día, de todo o que eu, secretario, certifíco, asinando comigo a presidenta.

Visto e prace da presidenta

  
Susana Rodríguez Carballo

O secretario

  
Enrique Diego Fernández Pérez